

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

ASUNTO: Proposta de aprobación de lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios, derivado da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 (1ª Fase).

INFORME - PROPOSTA

ANTECEDENTES

I.- Con data 16/06/2021, publicouse lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión das prazas de sarxento extinción de incendios, promoción interna, no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO nº 113), contidas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2017, 2018, 2019.

Así mesmo, -de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas-, concedíase un prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da devandita lista para que os excluídos puidesen emendar os defectos que motivaron a súa exclusión e para a abstención e recusación dos membros dos órganos de selección.

II.- Rematado o prazo para emenda de erros ou recusación dos membros do tribunal, presentaron reclamación a través de rexistro os/as seguintes aspirantes:

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
GARRIDO RICO	JUAN CARLOS	***9771**	EXCLUIDO (4)
LOPEZ VAZQUEZ	DAVID JOSE	***4327**	EXCLUIDO (2)
RODRIGUEZ CID	ANTONIO	***9565**	EXCLUIDO/A (1)
SANDA MACHO	XURXO	***7417**	EXCLUIDO (4)
SOBRINO COSTOYA	ANXO	***7836**	EXCLUIDO/A (3,5)

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

(1) Por non achegar copia simple do DNI, NIE ou pasaporte con plena vixencia ou autorizar a súa consulta.

(2) Por non acreditar estar en posesión da titulación requirida, mediante presentación do título oficial, ou non contar con dez anos de antigüidade

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/07/2021 09:26	Páxina 1 de 7
	Expediente 36954/220	CSV: 27E7DC-EBC18F-848HB2-QRLVQE-KX4Y9L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

integrados/as no grupo C, subgrupo C2 da titulación, na escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase extinción de incendios e categoría cabo, bombeiro e condutor bombeiro.

- (3) Por non presentar algunha das declaracións xuradas indicadas nas bases.
- (4) Por non ter a condición de funcionario de carreira do Concello de Vigo.
- (5) Por non asinar a solicitude.

Verificados documentalmente os referidos escritos, tres dos aspirantes emendaron os defectos polos que foron inicialmente excluídos/as, polo que **procede a súa inclusión na lista definitiva.**

Os aspirantes excluídos pola causa que se corresponde co código numérico nº 4, presentan alegacións, entendendo que cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

III.- Con respecto aos membros do tribunal, a designada como secretaria titular, consta en situación de IT, polo que dítase nova instrución da concelleira-delegada coa proposta para substituíla.

O designado como secretario suplente mediante resolución de data presenta o documento 210107997 (incorporado ao expediente 37902/220 e contestado o 24/06/21), e o 210113968, ambos unidos ao expediente, nos que solicita se deixe sen efecto a súa designación.

IV.- En data o aspirante R. Moledo Alonso, presenta por rexistro escrito (doc. nº 210128712) desistindo expresamente da solicitude presentada (doc nº 200181794) e renunciando a presentarse á oferta de emprego público para promoción interna de sarxento de extinción de incendios.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- De conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015 e tal e como se establece na Bases xerais e específicas da OEP 2017, 2018, 2019 (BOPPO 07/07/2020), en concreto na Base sexta das Xerais dedicada á Admisión - *"Concédesse un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia, para a corrección, por parte de quen fose excluído/a, dos defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou a súa non inclusión expresa, así como para promover a recusación dos membros dos órganos de selección.*

A publicación da dita resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na invocada lei."

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/07/2021 09:26	Páxina 2 de 7
	Expediente 36954/220	CSV: 27E7DC-EBC18F-848HB2-QRLVQE-KX4Y9L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

II.- Verificados documentalmente os escritos presentados en prazo polos aspirantes que constan no antecedente II de este informe, tres dos aspirantes emendaron os defectos polos que foron inicialmente excluídos/as, polo que **procede a súa inclusión na lista definitiva.**

Os dous aspirantes excluídos pola causa que se corresponde co código numérico nº 4, presentan alegacións por entender que cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Ao respecto indicar que estes dous aspirantes son funcionarios de carreira de outras administracións públicas que temporalmente atópanse prestando servizos no concello de Vigo en comisión de servizos. Dita situación non produce un cambio na situación administrativa dos mesmos. É preciso ter en conta que o funcionario que pasa, en comisión de servizos, a desempeñar un posto de traballo en outra Administración Pública, mantén a reserva do posto de traballo na súa Administración de orixe, e respecto da mesma, formalmente continúa en servizo activo, con todos os dereitos inherentes a tal condición.

O acceso a promoción interna, está reservado ao persoal municipal do concello de Vigo, tal e como se establece nas bases da convocatoria, e os reclamantes non o son. Polo tanto os referidos aspirantes excluídos/as provisionalmente pasan a ser excluídos/as definitivamente.

III.- En relación co escrito (doc. nº 210128712) desistindo expresamente da solicitude presentada (doc nº 200181794) e renunciando a presentarse ao proceso selectivo, procede aceptar a mesma de conformidade co previsto no artigo 94 da LPAC. Se exclúe da lista definitiva de admitidos.

IV.- Con respecto aos membros do tribunal, a designada como secretaria titular, consta en situación de IT, polo que procede a substitución da mesma de conformidade coa instrución da concelleira delegada competente que obra no expediente.

Con respecto ao escrito presentado polo designado como secretario suplente (segundo acordo de XGL de 10/06/2021 que da conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, efectuada pola Concelleira-delegada competente en materia de persoal, contida en Instrución de data 18/03/2021); referido no punto III segundo parágrafo dos antecedentes do presente informe, no que solicita se deixe sen efecto a súa designación, dicir que; en primeiro lugar a causa alegada non constitúe causa de abstención segundo o disposto no artigo 23 da lei 40/2015. Por outra banda, resulta imposible abarcar toda a casuística que pode dar lugar á renuncias a concorrer aos órganos de selección, pero, en xeral, cabería dicir que poderían incluírse todos aqueles motivos distintos dos que xustifican a abstención, pero con os

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/07/2021 09:26	Páxina 3 de 7
	Expediente 36954/220	CSV: 27E7DC-EBC18F-848HB2-QRLVQE-KX4Y9L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

mesmos efectos en canto á separación dun membro dun órgano ou tribunal de selección. As renuncias, ou as pretensión de apartarse do órgano, deben estar baseadas en causas excepcionais e xustificadas a xuízo do órgano convocante, o cal ten a potestade para decidir si as devanditas causas son ou non xustificadas. Cabe lembrar a dito efecto, que o nomeamento e destitución dos membros dos órganos de selección, é competencia do órgano convocante, que é tamén a autoridade que asina a convocatoria das probas selectivas correspondentes. Neste caso, a causa alegada, non é xustificada, toda vez que non está incluída na normativa como causa de abstención, nin leva consigo a imposibilidade de formar parte do órgano de selección. Ase mesmo, lémbrese que a participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio. A ausencia inxustificada dun membro a algunha das sesión e actos do procedemento selectivo, incluídos os actos de constitución e de presentación, - logo de ser convocados polo órgano competente ou pola presidencia -; poderá dar lugar á adopción de medidas oportunas para depurar as responsabilidades que correspondan por incumprimento das obrigas e deberes propios dos empregados públicos.

En consecuencia, vistas as competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local; vistas as Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 e vistos os decretos da Alcaldía de 16/04/2021, e acordo de XGL de 22/04/2021, delegación de competencias en materia de persoal, así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal, acordado pola Xunta de Goberno Local de 10/06/2021, a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

"Primeiro.- Declarar admitidos/as e excluídos/as definitivamente aos seguintes aspirantes:

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
1	APARICIO GONZÁLEZ	VICENTE	***3236**	ADMITIDO/A
2	CABALEIRO NOVELLE	MIGUEL ÁNGEL	***0054**	ADMITIDO/A
3	CABALEIRO NOVELLE	DANIEL	***0059**	ADMITIDO/A
4	CABALEIRO RODRÍGUEZ	DAVID	***2656**	ADMITIDO/A
5	CALVAR RÍOS	MOISÉS	***4237**	ADMITIDO/A
6	CAMPOS IGLESIAS	DAVID	***4860**	ADMITIDO/A



**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

7	CASTRO MERA	CARLOS	***6690**	ADMITIDO/A
8	DE SOUSA DÍAZ	BRUNO	***4176**	ADMITIDO/A
9	FERNÁNDEZ COSTA	GERARDO	***3466**	ADMITIDO/A
10	FERNÁNDEZ LEMOS	DAVID ANTONIO	***9971**	ADMITIDO/A
11	FUENTES DOMÍNGUEZ	JOAQUÍN	***7371**	ADMITIDO/A
12	GÓMEZ MOURE	JUAN CARLOS	***9646**	ADMITIDO/A
13	GONZÁLEZ RIVEIRO	DAVID	***7794**	ADMITIDO/A
14	GONZÁLEZ UCLÉS	MIGUEL	***1605**	ADMITIDO/A
15	LÓPEZ VÁZQUEZ	DAVID JOSE	***4327**	ADMITIDO/A
16	MOSQUERA ESTÉVEZ	DAVID	***7881**	ADMITIDO/A
17	PÉREZ GONZÁLEZ	RICARDO	***9871**	ADMITIDO/A
18	REINALDO LÓPEZ	NÉSTOR	***7191**	ADMITIDO/A
19	RIVERO ÁLVAREZ	FRANCISCO JAVIER	***0856**	ADMITIDO/A
20	RODRÍGUEZ CID	ANTONIO	***9565**	ADMITIDO/A
21	SOBRINO COSTOYA	ANXO	***7836**	ADMITIDO/A

LISTA DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS/AS

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
GARRIDO RICO	JUAN CARLOS	***9771**	EXCLUÍDO/A (4)
SANDA MACHO	XURXO	***7417**	EXCLUÍDO/A (4)

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por non achegar copia simple do DNI, NIE ou pasaporte con plena vixencia ou autorizar a súa consulta.
- (2) Por non acreditar estar en posesión da titulación requirida, mediante presentación do título oficial, ou non contar con dez anos de antigüidade integrados/as no grupo C, subgrupo C2 da titulación, na escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase extinción de incendios e categoría cabo, bombeiro e condutor bombeiro.
- (3) Por non presentar algunha das declaracións xuradas indicadas nas bases.
- (4) Por non ter a condición de funcionario de carreira do Concello de Vigo.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/07/2021 09:26	Páxina 5 de 7
	Expediente 36954/220	CSV: 27E7DC-EBC18F-848HB2-QRLVQE-KX4Y9L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

(5) Por non asinar a solicitude.

Segundo.- Desestimar, en base aos fundamentos de este informe, os escritos (documentos 210107997 e 210113968), presentados polo secretario suplente designado polo acordo de XGL de 10/06/2021 que da conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, efectuada pola Concelleira-delegada competente en materia de persoal, contida en Instrución de data 18/03/2021.

Terceiro.- Designar como novo membro do órgano de selección, nos termos da instrución da concelleira-delegada competente de data de sinatura electrónica:

Secretario/a:

1º Titular: Carmen Pintado García, Xefa do servizo de transportes do Concello de Vigo.

Terceiro.- Outorgar, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, un prazo de dez días hábiles para poder recusar ao novo membro do tribunal (secretario/a), contados dende a publicación deste anuncio no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

En canto a abstención e recusación dos membros do órgano de selección rexerese polo disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- O primeiro exercicio do proceso selectivo ao que se refiren as bases da convocatoria, terá lugar o día **1 de setembro de 2021, ás 16:30 horas** no Frontón Cuberto do Complexo deportivo As Travesas desta cidade.

Lembrar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, e máscara, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas.

O exercicio desenvolverase conforme ás pertinentes medidas de distancia física, organización e protección que constan publicadas na páxina web municipal, en canto ás indicacións dos participantes do proceso selectivo. ("Medidas de protección fronte ao contaxio de COVID-19 en procedementos selectivos no Concello de Vigo").

Quinto.- Que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/07/2021 09:26	Páxina 6 de 7
	Expediente 36954/220	CSV: 27E7DC-EBC18F-848HB2-QRLVQE-KX4Y9L-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal (www.vigo.org), da presente resolución, que contén relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A Técnica de administración xeral.- Beatriz Domínguez Pereira (Resolución 15/07/2021

DECRETO

RESOLVO de conformidade coa precedente proposta.

A Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe,

A Secretaria de Goberno local.- M^a. Concepción Campos Acuña.

